

PROGRAMA DE ACTIVIDADES



En abril libros mil

colle a túa cesta e sae ao patio a ler

Durante o tempo de ler e durante todo o mes, sempre que o tempo o permita, sairemos ao patio a ler.

Apadriñamentos e amadriñamentos

Os nenos/as de 5º e 6º, co gallo do día do libro, apadriñarán a nenos e nenas de Ed. Infantil e 1º de Primaria. Os nenos/as lectores elixen na biblioteca os libros que lle van ler e prepáranos durante os recreos. Teñen a opción a ser **CONTO LIDO OU CONTO CONTADO**.

ANIMACIÓN Á LECTURA

- Sesión de **CONTACONTOS** o día **19 DE ABRIL**, ás 11.30, para Ed Infantil ofertada pola Ed. Anaya
- Sesión de **CONTACONTOS**, **O MAGO GOMA**, día 27 de abril, para Ed Infantil e 1º ciclo, ofertada pola Ed Santillana.
- Sesión de **CONTACONTOS**, o día 27 de abril, para 2º e 3º ciclo, ofertada pola Ed Santillana

TEATRO

A OUTRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA VERMELLA

Traducida ao galego pola profesora de Ed Física. Versión orixinal “La otra historia de Caperucita Roja”. Autor : José Luis Marqués.

Interpretada polos nenos/as de 4º de Primaria para Ed Infantil, 1º ciclo e 3º de Primaria.

A RAPOSA, O LOBO E A POTA DE MEL.

Teatro de MONICREQUES, realizado polos nenos/as de 6º A para Ed Infantil

COMPARTINDO CONTOS

Dramatización "O RATIÑO PÉREZ" realizada polos nenos/as de 5º A para 1º e 2º ciclo.

EXPOSICIÓN

Ao longo do curso os nenos/as e as familias foron metendo na caixa de suxestións o título dos libros que lles gustaría mercar para a biblioteca. Ditos libros saen ao corredor en EXPOSICIÓN na 1ª quincena do mes de abril.



ARTE E NATUREZA

ARTE E NATUREZA



Exposición dos traballos feitos polos nenos/as do P.D.I A NATUREZA NA ARTE.

PLANTAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

PLANTAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN



EXPOSICIÓN RELIZADA POLO EQUIPO DE VOZ NATURA.

MARCAPÁXINAS SOLIDARIOS

EN COLABORACIÓN COA **ASOCIACIÓN SAVE THE CHILDREN** ELABORAMOS
CONXUNTAMENTE COAS FAMILIAS MARCAPÁXINAS PARA O DÍA DO LIBRO QUE SERÁN
EXPOSTOS E VENDIDOS PARA RECADAR FONDOS PARA A EDUCACIÓN DOS NENOS E NENAS
NA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO.